



DOSSIER DE ACTIVIDADES

**‘PUNTOS VIOLETA’ NOS CEIPs MUNICIPAIS NO MARCO DO
25 DE NOVEMBRO
DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES**

[SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA EN IGUALDADE DO CONCELLO DE OLEIROS]



Concello de  Oleiros

2024

ÍNDICE

DOSSIER DE ACTIVIDADES	0
'PUNTOS VIOLETA' NOS CEIPs MUNICIPAIS NO MARCO DO 25 DE NOVEMBRO	0
DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	0
2024	0
PUNTOS VIOLETA.....	3
OBRADOIROS NAS AULAS	4
1. OBXECTIVOS.....	4
2. METODOLOXÍA	4
3. DESENVOLVEMENTO	5
ACTIVIDADE 1. INTRODUCCIÓN Á DATA SINALADA E TIPOS DE VIOLENCIAS	5
ACTIVIDADE 2. SINTO E CONSINTO... OU NON CONSINTO!	6
ACTIVIDADE 3. DIGO NON E PIDO AXUDA	9
ACTIVIDADE 4. DESPEDIRSE DESDE O BO TRATO.....	13

Como cada ano, o Concello de Oleiros quere facer explícito o seu compromiso en seguir traballando en prol dunha igualdade real, plena e efectiva, e acadar un municipio libre de violencia de xénero e demais violencias machistas; sen igualdade e sen violencias machistas, non é posible acadar unha sociedade verdadeiramente xusta, libre e democrática.

Por isto, o Concello de Oleiros continúa traballando de forma sostida, continuada e activa en prol da igualdade e contra as violencias, pois tan só así se pode conseguir un impacto real e efectivo. Mais tamén é consciente de que as datas de conmemoración son palestras comunicativas idóneas para a sensibilización e a concienciación, conseguindo chegar a unha maior parte da cidadanía, e potenciando o impacto social. Ademais, completan e apoian o traballo realizado o resto do ano.

Por este motivo, desde a área de Igualdade realizaranse accións de sensibilización, prevención, detección e actuación arredor da violencia de xénero cos centros educativos e o alumnado dos distintos niveis de primaria e secundaria, para a conmemoración do 25 de Novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

A continuación, recóllese que son os Puntos Violeta e os obradoiros que se van desenvolver co alumnado de 5º e 6º de primaria nas aulas.

PUNTOS VIOLETA

O 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, é un día para a concienciación sobre as violencias que sofren as mulleres nos diferentes ámbitos (persoal, profesional, académico etc.) e espazos (rúa, fogar, transporte, ocio nocturno etc.) da súa vida polo feito de selo.

Por isto, desde o Concello de Oleiros instalaranse **Puntos Violeta nos diferentes centros educativos municipais de primaria e secundaria**. Nos centros de primaria, instalaranse **entre o 20 de novembro e o 6 de decembro**, abarcando un día para cada un dos centros de ensino durante a súa xornada escolar.

Os Puntos Violeta son **puntos de información, sensibilización e atención da violencia de xénero e demais violencias machistas**, conformados por un equipo experto de profesionais en materia de xénero, diversidade e violencias. Nestes Puntos Violeta, tanto o alumnado como o profesorado poderá recibir información sobre:

- Os diferentes tipos de violencias machistas (físicas, sexuais, económicas, psicolóxicas etc.) e as súas manifestacións (indicadores para a prevención, detección e actuación);
- Os recursos e servizos municipais, autonómicos e estatais de información e atención especializados na materia e á súa disposición;
- Temas de interese e preocupación entre o propio alumnado en materia de xénero, igualdade, diversidade e violencia de xénero e demais violencias machistas.

Desde os Puntos Violeta difundiranse materias arredor das diferentes manifestacións das violencias, co obxectivo de concienciar e sensibilizar ao alumnado arredor da mesma, así como de dotalo de ferramentas para a prevención, a detección e para actuar fronte a ela. Ademais, acompañando á instalación dos Puntos Violeta, realizaranse **obradoiros na aula**.

Ademais, acompañando á instalación dos Puntos Violeta, nos centros de primaria realizaranse **obradoiros nas aulas, deseñados para traballar co alumnado dos cursos de 3º e 4º**. A través destes, abordaranse cuestións relacionadas directamente coas **manifestacións das diferentes formas da violencia de xénero, poñendo especialmente o foco en como construír relacións e interaccións** sas coas demais persoas, en respectar as vontades alleas, en que se basea o acto de consentir (e como este é diferente a ceder); ao tempo que se lles achega ao alumnado indicadores sinxelos e adaptados para a detección e actuación fronte ditas violencias.

DATA:	Do 20 de novembro ao 6 de decembro de 2024	
HORARIO:	Xornada escolar	
LUGAR:	Centros de educación primaria do Concello de Oleiros	
PÚBLICO OBXECTIVO:	PUNTOS VIOLETA:	Alumnado e profesorado
	OBRADOIROS:	Alumnado de 3º e 4º de primaria e profesorado dos CEIPs

OBRADOIROS NAS AULAS

1. OBXECTIVOS

- Proporcionar ao alumnado un marco de referencia contextual e histórico arredor da conmemoración do 25 de Novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.
- Capacitar ao alumnado na prevención, detección e actuación fronte á violencia de xénero (sistema sexo-xénero, tipos de violencias, exemplos específicos, indicadores e recursos e servizos especializados).
- Dotar ao alumnado de ferramentas para que sexan quen de entender que é o consentimento e como lles afecta.
- Facilitar ao alumnado indicadores sinxelos para a detección das violencias sexuais no ámbito da infancia.

2. METODOLOXÍA

A metodoloxía de traballo proposta para as actividades en aula ten un enfoque dinámico, participativo e adaptable ás múltiples realidades coas que as persoas dinamizadoras se poidan atopar durante o seu desenvolvemento con cada grupo.

Se ben as actividades contan cun corpo sólido e estruturado de contidos a abordar deseñado previamente, esta metodoloxía de traballo flexible permite recoller e abordar as inquedanzas, necesidades, dúbidas, vivencias, problemáticas e aspectos de interese do propio alumnado.

Así, durante os obradoiros nas aulas, fomentárase unha aprendizaxe:

- **SIGNIFICATIVA:** traballárase tendo en conta os coñecementos, experiencias previas e vivencias que o alumnado posúe, e, sobre esa base, construír espazos de aprendizaxe e reflexión, e ferramentas e estratexias que axuden á comprensión e reconstrución dos seus propios coñecementos.
- **DE CONTEXTO:** realizaranse actividades didácticas, facilitando a posta en práctica e o desenvolvemento dos coñecementos adquiridos.
- **COOPERATIVA:** as actividades realizaranse de forma colectiva, fomentando a colaboración e o consenso, e establecendo procesos de reflexión compartida.

No desenvolvemento dos obradoiros, as persoas dinamizadoras farán, por suposto, un uso non sexista e inclusivo da linguaxe.

PERSOAS DESTINATARIAS:	Alumnado de 3º e 4º de primaria (e profesorado acompañante)
DURACIÓN:	50 minutos cada obradoiro

3. DESENVOLVEMENTO

ACTIVIDADE 1. INTRODUCCIÓN Á DATA SINALADA E TIPOS DE VIOLENCIAS

DURACIÓN

10 minutos

Como dinámica para tomar contacto, romper o xeo e fomentar a posterior participación do alumnado, comezase por introducir o porqué da conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres cada 25 de Novembro (25N).

Para isto, lanzarase a seguinte pregunta: **QUE SE CONMEMORA O 25 DE NOVIEMBRO?** Recollida as súas ideas, indicase que se conmemora o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Acto seguido, formularase a seguinte pregunta: **E POR QUE O 25 DE NOVIEMBRO? QUE PASOU?** Unha vez realizado o 'brainstorming', expoñerase o porqué do mesmo.

De seguido, abordarase dun forma sinxela e práctica a conceptualización da '**violencia contra as mulleres**'. Para isto, preguntáraselles como se adoita denominar á mesma. Recollidas as súas respostas, concretarase co alumnado o termo **VIOLENCIA DE XÉNERO**. Ademais, exporase tamén o termo paraugas da **VIOLENCIA MACHISTA**, o cal recolle, ademais da de xénero, outras violencias, como a LGTBfóbica.

Nesta liña, preguntáraselles que **TIPOS OU FORMAS DAS VIOLENCIAS** coñecen. Neste marco, trasladaranse os diferentes tipos nos que se manifestan ditas violencias: física, verbal, psicolóxica, económica, sexual, institucional, estética, ambiental, no eido dixital, entre outras; ao tempo que se proporcionan exemplos representativos adaptados ás súas idades, e indicadores para saber como recoñecelas e prevelas.

ACTIVIDADE 2. SINTO E CONSINTO... OU NON CONSINTO!

DURACIÓN

20 minutos

Esta é unha actividade pensada para traballar en primaria na prevención, detección e actuación fronte ás violencias sexuais, así como arredor do consentimento.

Para comezar, preguntáraselles se coñecen a palabra **CONSENTIMENTO**. Recollidas as súas ideas, expórase, de forma sinxela, en que consiste iso de 'darlle, ou non, permiso a alguén' e ata que punto podemos facelo sendo nenos e nenas. Para isto, recorrerase a exemplos do día a día, así como a outros máis específicos, enmarcados tamén no desenvolvemento cotiá.

EXEMPLOS:

Igual que pedimos prestado e damos permiso, ou non, para que alguén colla os nosos materiais, xoguetes, roupa etc., o mesmo acontece cos nosos corpos. Cada un e unha de nós somos os xefes e xefas dos nosos corpos: o meu corpo é meu, e o teu corpo é teu.

Deste xeito, correspóndenos a nós dar permiso, ou non, para que nos dean bicos, apertas, e nos toquen o corpo. E, de igual xeito, saber se nós podemos facelo ou non.

Isto é así: cada persoa é dona do seu propio corpo. Pero tamén é máis complexo porque sodes nenos e nenas e estades medrando e aprendendo paseniñamente, aprendendo que está ben e que está mal e como nos sentimos. Pois como todo o mundo!

E claro, mentres as persoas están medrando e son pequenas, e tamén cando se dan outras circunstancias que nos fan ser dependentes, hai persoas que son responsables de nós. Que non donas! Non é o mesmo. Imos ir afondando nesta cuestións pouco a pouco. Mais, antes de nada, imos facer unha actividade, a ver que vos parece. Imos aló!

Exposta a idea principal arredor do consentimento, as persoas dinamizadoras realizarán co alumnado a actividade do **SEMÁFORO CORPORAL**.

Para isto, fálase co alumnado que, no noso corpo, temos algunhas zonas que só nós deberíamos tocar (excepto se o obxectivo é de hixiene e saúde; nese casos deberían preguntarnos se poden tocarnos e/ou podemos comunicar nós como aceptamos que ocorra esa situación); outras partes que non queremos que nos toquen sen permiso, e outras que pode que non nos importa que as toquen. O consentimento é individual de cada persoa e debemos sentirnos libres para comunicar aos demais se poden ou non tocarnos, así como nós temos que respectar os límites das demais persoas, aínda que sexan distintos dos nosos e aínda que nos deran permiso no pasado.

EXEMPLO:

Que me gusten as mandarinas e hoxe me apeteza comerme unha, non significa que me vaian apetecer sempre. Entón non ten sentido que alguén me meta unha mandarina na boca sen preguntarme, coa excusa de que unha vez lle dixeran que me gustaban. Verdade?

De seguido, proporcionaráselle ao alumnado unha ficha coa silueta dun corpo e adhesivos de tres cores (vermello, amarelo e verde), indicándolle que sinalen, cos adhesivos, aquelas zonas que pensan se corresponden coa premisa de cada cor.

Vermello: só nós deberíamos tocar.

Amarelo: non queremos que nos toquen sen permiso.

Verde: igual non nos importa que as toquen.

Transcorridos 5 minutos, porase en común a actividade coa silueta dun corpo proxectada na pantalla, facendo fincapé en que hai respostas comúns, nas que moitas persoas poden coincidir, mais que tamén pode variar en cada un de nós. Polo tanto, non hai respostas demasiado restritivas.

Indicaráselles que é importante que nomeen as distintas partes do corpo sen vergoña, que todas as persoas as temos. Respecto ás zonas íntimas, dirémoslle que hai diferentes formas e termos para nomealas, pero que os máis aceptados son: peitos, mamilas ou pezóns, pene e testículos, vulva, cu e ano.

Unha vez referenciadas e sinaladas as distintas partes do corpo, e consensuadas conxuntamente as zonas 'vermellas', 'amarelas' e 'verdes', reflexionarase co alumnado arredor das seguintes preguntas:

- **NAS ZONAS ÁS QUE LLE DAMOS MENOS IMPORTANCIA, PODEMOS TOCAR SEMPRE OU PODEN TOCARNOS SEMPRE?**
- **QUE DEBERIAMOS FACER ANTES DE TOCAR?**
- **COMO PODEMOS SABER SE A OUTRA PERSOA ESTÁ DE ACORDO? E COMO PODEMOS SABER SE A OUTRA PERSOA NON ESTÁ DE ACORDO OU QUE NON LLE GUSTA O QUE FACEMOS?**

EXEMPLO:

Igual a min non me importa que me toquen o pelo, ou que alguén me poñan unha man no ombreiro. Pero igual á miña compañeira non lle gusta nada que lle anden no pelo, ou asústase se alguén lle toca o ombreiro sen permiso ou sen contar con iso. Entendedes?

Para reforzar os aspectos expostos e traballados co alumnado, realizarase un exercicio dinámico: pediráselle ao alumnado en gran grupo que lance preguntas para poñer en práctica a interacción e o contacto físico desde o respecto e o bo trato, coa finalidade de que interioricen e asenten o abordado.

EXEMPLOS:

- Pódoche acariciar a man?
- Impórtache se che toco un ombreiro?
- Dásme unha aperta?
- Gústanche as cóxegas nas axilas? Podo facerchas?
- Gústache que che ande no pelo? Deixas que che faga unha trenza?
- Pódoche tocar a cara?
- Bailamos?
- Dásme a man?

Farase especial énfase na importancia de respectar os límites que nos poñen as persoas, así como o importante que é facer valer os nosos límites, os que lle poñemos nós ao resto. Temos dereito a que respecten os nosos límites, e nós tamén debemos respectar os que nos marcan.

De seguido, indicaráselle ao alumnado que é importante ter en conta que, ás veces, dicimos algo que si e logo non nos gusta ou non queremos, e non pasa nada por cambiar de idea e dicir que non, que xa non queremos, que non nos apetece, que pensabamos que nos ía gustar pero non... . Está ben cambiar de idea e a outra persoa debe aceptalo, respectalo e parar. E o mesmo se nolo din a nós, debemos aceptalo, respectalo e parar.

EXEMPLO:

Ás veces pensamos que un xogo vai ser divertido pero logo non nos gusta. Ou igual estamos cansos e cansas e queremos parar. Ou igual pode que nos guste unha parte do xogo, pero a outra non. Ou igual pensabamos que nos ía gustar, pero resulta que non, que non nos gusta.

Igual unha amiga ou amigo dime de facerme trenzas e acepto, pero logo tírame moito do pelo e quero que pare. Ou xa me fixo 3 e cansei e non quero que siga.

Igual un amigo ou amiga dinos de ir á súa casa para facer os deberes. Pero logo gástame unha broma que non me gusta por teléfono e xa non quero ir porque non me apetece velo ou vela.

Indicaráselles que a clave está sempre en **PREGUNTAR**, **COMUNICARNOS** e **TRATARNOS BEN**. Para isto, reflexionarase co alumnado arredor das seguintes preguntas:

- **QUE SENTIMOS CANDO NOS TRATAN BEN? E CANDO NOS TRATAN MAL?**
- **ENTÓN, QUE É O BO TRATO? QUE EXEMPLOS SE VOS OCORREN DE BO TRATO?**

ACTIVIDADE 3. DIGO NON E PIDO AXUDA

DURACIÓN

20 minutos

Esta actividade vai encamiñada a dotar ao alumnado de ferramentas para ser capaz de detectar as violencias e actuar fronte a elas.

En primeiro lugar, conceptualizarase co alumnado a importancia de poder dicir N-O-N e facelo valer, así como aceptar e respectar os N-O-N que nos cheguen doutras persoas.

Todos e todas temos unha voz e é moi importante usala, ao mesmo tempo que tamén aprendemos a escoitar a voz das demais persoas.

E nesta voz que temos, é importantísimo que aprendamos a dicir a palabra N-O-N. Temos que normalizar que, cando algo non nos apetece, ou non nos gusta como alguén nos trata... dicimos N-O-N. E, claro, se alguén che di N-O-N, pois o mesmo.

Así que debemos respectar o que nos din, e o resto tamén debe respectar o que nós dicimos. Polo tanto, se algo non nos gusta ou non o queremos, dicímolo. E se algo non lle gusta ás outras persoas, escoitámolo e respectámolo.

Deste xeito, por exemplo, ningún adulto ou adulta, neno ou nena pode darnos bicos ou apertas se non queremos, e tampouco tratarnos como non nos gusta. Se lles dicimos: NON QUERO, teñen que facernos caso. E nós o mesmo se nolo din.

E si, é verdade que hai veces nos que as persoas máis maiores non vos van preguntar, pero isto só vale para as situacións nas que vos están protexendo ou nas que correde perigo. Que situacións de perigo se vos ocorren?

Exemplos: cando ides cruzar pola rúa e ven un coche e cóllenvos da man, ou cando hai moita xente e vos podedes perder, cando estades nadando no mar e ven unha ola....

En segundo lugar, realizarase co alumnado a actividade **A CAIXA DOS TOQUES**, coa finalidade de dotalo dunha clasificación para que teñan como referencia sinxela indicadores para a detección das violencias. Establecerase, mediante a actividade, unha clasificación de 3 tipos de toques: toques seguros e de benestar, toques brutos e toques íntimos. Para isto, explicaráselle brevemente en que consiste cada un. De seguido, proxectarase na pantalla unha táboa con 3 caixóns e diferentes situacións que corresponden aos diferentes tipos, de forma que se lle pedirá ao alumnado, en gran grupo, que indiquen en que caixón enmarcarían cada unha das situacións expostas.

1. TOQUES SEGUROS E DE BENESTAR

Son aqueles que nos fan sentir ben ao tempo que nos fan sentir seguros e seguras.

Por exemplo: darlle unha aperta a un can, aloumiñar un gato, darlle a man a un amigo ou amiga e botar a correr, subir a cabalo no lombo de mamá etc.

2. TOQUES BRUTOS E CON MALA LECHE

Son aqueles agresivos, dirixidos ao noso corpo, que nos mancan e nos doen, e adoitan ir acompañados de rabia ou desexos de vinganza, ou de medo e tristeza. E, por suposto, temos dereito a dicir BASTA e buscar axuda.

Por exemplo: dar empurróns, morder, beliscar, tirar do pelo, dar patadas, rabuñar etc.

3. TOQUES ÍNTIMOS DE ALERTA, ALERTA!

Son aqueles que se dirixen ás nosas partes privadas. Imos chamarlle a todas, no seu conxunto, porque normalmente están cubertas con roupa e quedan visibles cando nos espimos. Pero os nomes oficiais xa llos dimos na anterior actividade: pene e testículos, vulva, cu, ano, mamilas ou pezóns, e peitos.

Estes toques adoitan facer sentir confusión, vergoña, medo, xeran incomodidade etc. Aínda que non sempre, pero iso non significa que estean ben.

E si, hai veces puntuais nos que un doutora ou un enfermeiro teñan que explorar as nosas partes privadas por motivos médicos, e isto pode ser incómodo. Pero incluso neses casos, explicaran o porqué e intentarán facelo o menos incómodo para nós, pedíndonos permiso para tocarnos e informándonos do que van facer. Ademais, todo isto farano diante da persoas coa que fostes á consulta.

E tamén pode ser que, por mor diso, outra persoa adulta (papá, mamá, un avó ou avoa, alguén do profesorado etc.) teñan que axudarvos, por exemplo, a limparvos ben se tedes irritación.

Pero en calquera outra situación, se unha persoa (maior, adulta) vos toca ou vos quere tocar as vosas partes privadas...non está ben, sexa quen sexa. E por moito que vos diga que está ben, que é normal, que é un xogo, que é o voso segredo, que non pasa nada... non é verdade. Non se está portando ben, e debemos contalo a persoas coas que teñamos confianza ou nas que pensemos que podemos confiar. Porque si, contalo é importantísimo. E aínda que nós queiramos moito a esa persoa, o que fixo, quere facer ou está facendo, non está ben e ten que parar.

Ás veces, que non sempre, a nosa voz interna axúdanos a saber que algo non nos está gustando ou nos está facendo sentir mal, incomodidade, etc. É importante escoitala e contarlle a persoas da vosa confianza a situación que aconteceu. Como comentamos ao comezo, ao estar medrando e aprendendo, non sempre se sabe como funcionan as cousas, e moita nos xeran desconcerto ou confusión, ou non entendemos o que está a acontecer. Pero iso mesmo, o mellor é sempre contalo.

Por exemplo: alguén intenta tocarche a vulva e diche que é un xogo, alguén che di que a forma na que toca as túas partes privadas non ten nada de malo e que é un segredo, etc.

En terceiro lugar, reflexionarase co alumnado arredor dos segredos, a culpa e as responsabilidades das violencias.

E QUEN É CULPABLE SE FAI ALGO MAL?

Pois a persoa que o fai, non o resto, e moito menos a persoa á que se lle fai ese mal. Por iso, se isto se dá nalgún momento é importantísimo que entendades que nunca, pero nunca, nunca, nunca, vai ser culpa ou responsabilidade vosa. Imaxinade que unha compañeira está tranquilamente pintando unha paisaxe e, de súpeto, achégase un compañeiro e lle dá unha patada porque si, e bota a correr. **A culpa da patada tena a nena que está pintando? De quen é?** Pois nisto, o mesmo.

E QUE PASA COS SEGREDOS?

Pois que non todos os segredos son iguais, non todos son bos ou necesarios, todo o contrario! Si, hai segredos bos, pero tamén hai segredos malos.

Os segredos bos son aqueles que nos adoitan facer sentir ben, xéranos alegría, emoción, ilusión... e se teñen coas persoas que nos tratan ben. Pola contra, os segredos malos adoitan facernos sentir confusión ou malestar, medo, tristeza, soidade... e fannos dano a nós ou a outras persoas.

Por exemplo, se a nosa tía nos di que lle está preparando unha festa de aniversario á vosa curmá e vos di que é un segredo. **Ese segredo é bo ou malo?** E se vemos como unha compañeira lle quita o lapis preferido a un compañeiro sen que el o vexa e nos pide que non digamos nada. E vemos que o compañeiro o busca e o busca e o busca e non o atopa e se pon triste. **Este segredo é bo ou malo?**

Deste xeito, hai persoas que poden intentar convencernos para que non contemos un segredo malo, dicindo que non debes dicir nada, que non hai nada malo en ter segredos, que é algo voso e non lle compete a ninguén máis. Pero non é verdade. E aínda que vos queira facer sentir mal ou darvos pena...non todos os segredos se poden gardar! É moi pero que moi importante que, aínda que sexa con medo, con nervios, con tristeza ou con dúbida, faledes con persoas en quen confíades e lle trasladades o que está a acontecer. Aínda que non esteades seguros ou seguras ou non entendades ben que é o que está a acontecer. Mellor sempre saír de dúbida!

En cuarto lugar, tamén se reflexionará co alumnado sobre os elementos que complican falar, pedir axuda, dicir N-O-N, introducíndoos na conceptualización da chantaxe, as ameazas e os subornos. Para isto, exporase cada unha delas, indicándolles en que consisten.

Hai persoas que poden dicirnos todo tipo de cousas para que non saibamos que iso non está ben, ou para que non o contemos. Por exemplo, poden empregar a chantaxe, a forza, as ameazas, os subornos.... vós sabedes que é a chantaxe? E as ameazas? E os subornos?

Chantaxe:	<i>Cando alguén intenta convencerte de que se contas as cousas malas que che fai, vai pasar algo moi malo pola túa culpa, a ti ou a alguén que queres.</i> Exemplos: - Se contas isto, non podemos seguir sendo amigos. - Se contas isto, mamá vaise poñer moi triste. - Eu quérote moito, e se contas isto vasme poñer moi triste.
Ameazas:	<i>Cando alguén di que che vai facer dano ou que che pasen cousas malas, a ti ou a alguén que queres, se contas o que che está a facer que non che gusta.</i> Exemplos: - Se contas isto, voulle dicir a todo o mundo que están mentindo e non te van crer e vante deixar de querer. - Cóntao se queres, pero atente ás consecuencias. E verás que consecuencias!
Subornos:	<i>É como regalar algo pero para que a outra persoa faga algo a cambio. Desta forma, o 'agasallo' está condicionado a que o fagas ou non o fagas.</i> Exemplos: - Se non o contas, mércoche ese xogo que tanto queres. - Se non o contas, douche os cartos para que vaias con quen queiras ver o partido do sábado.

Para afianzar a súa comprensión, faremos unha actividade co alumnado en gran grupo. Para isto, irán aparecendo na pantalla unha serie de situación, e pediráselle que indiquen se é unha forma de chantaxe, ameaza ou suborno. Por exemplo: se contas isto, xa non te vou querer (chantaxe); se non o contas, mércoche o que ti queiras (suborno); se contas isto, atente ás consecuencias (ameazas).

Incidiremos en que, ás veces, non contamos as cousas porque temos medo das consecuencias que iso poida ter, que nos culpen a nós do acontecido (por estar nun sitio que non debiamos, por estar con esa persoa...), a que non nos crean...pero enfatizaremos en que a responsabilidade e a culpa é sempre e en todos os casos da persoa que fai mal.

En quinto lugar, preguntáremoslle: **ENTÓN, SE O NECESITAMOS, COMO PEDIMOS AXUDA?** Indicarémoslle que falando, contándoo, berrando ou gritando, chamando a alguén, fuxindo...

Neste marco, exporémolles as seguintes preguntas:

- **E A QUEN LLE PEDIRIADES AXUDA?**
- **E SE QUEN NOS FAI MAL É ALGUÉN A QUEN QUEREMOS MOITO OU APRECIAMOS MOITO DA NOSA FAMILIA? E SE ESA PERSOA ESTÁ NO COLE? E SE NOS ADESTRA OU ESTÁ NO CLUB DEPORTIVO AO QUE PERTENCEMOS? E SE NOS ENSINA UN INSTRUMENTO OU CALQUERA OUTRA COUSA QUE TEÑAMOS MOITAS GANAS DE APRENDER? VAMOS, QUE FACEMOS SE QUEN NOS FAI MAL É ALGUÉN DA NOSA CONFIANZA, A QUEN QUEREMOS E QUE DEBERÍA COIDARNOS?**

Indicarémolles que hai outras persoas adultas de confianza ás que se pode acudir.

Nos coles, podemos falar co orientador/a, coa xefa/e de estudos, co directo/a... tamén contarllo a unha persoa da familia coa que teñamos confianza e pensemos que nos vai axudar. E se non nos fai caso ou nos di que 'non digas parvadas', non desistir. Aí hai xente disposta a axudarnos e a acompañarnos en moitos sitios.

Imos proporcionarvos diferentes teléfonos cos que podedes contactar, nos que hai persoas que si ou si queren escoitar e axudar:

TELÉFONO DA INFANCIA	116 111
FUNDACIÓN ANAR	900 20 20 10
EMERXENCIAS	112
SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE	981 61 00 00
ATENCIÓN A TODAS AS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	016 600 00 00 16
TELÉFONO DA MULLER EN GALICIA	900 40 02 73
POLICÍA LOCAL	981 61 00 01
GARDA CIVIL	981 61 00 67

Ademais, proporcionarémolles unha tarxeta de recursos e servizos para que queden con ela e teñan os contactos en caso de querer falar con alguén ou precisar axuda.

ACTIVIDADE 4. DESPEDIRSE DESDE O BO TRATO

DURACIÓN	5 minutos
----------	-----------

Coa finalidade de que as nenas e nenos queden cunha boa sensación no corpo, realizarase unha última dinámica grupal como peche a través da cal buscar formas de saudar e despedirse de forma amable e desde o bo trato.

Para isto, pediráselle ao alumnado que se poña de pé e camiñe pola aula. Cada vez que se cruce cunha persoa, terán que saudarse e despedirse desde o bo trato. En caso de non dar tempo, farase unha choiva de ideas, solicitándolle propostas para saudarse ou despedirse desde o bo trato. Por exemplo: movendo unha man, sorrindo, chocando as palmas, facendo un baile etc.